

Poemas

XOSÉ GALÁN

ALQUIMIA SOÑADA

A DUBIDA

O compás rompeu en mil anacos,
invisibles semellaban as preguntas
e as viaxes,
e o fado longo.
Ficaban todos os ollos pechados,
nomes en maiúscula eran unha lámina de néboa
para agochar as mans dos nenos,
as arañas tecían a cela das palabras
e sempre as estaban a agardar.
E, de súpeto, unha figura dacabalo fuxiu dela
cara a xalundes,
mentres unha orquestra de violíns xordos
interpretaba un himno aos reloxos.
Entón descoñecía o nome daquel xinete,
mais agora penso
que puiden ser eu mesmo.

O CÍRCULO

Coa memoria esquecemos a morte
que agarda a xeito de tempo
O tempo declama poemas
para fuxir de espellos
e converterse naquilo
que nós non vemos
nunha palabra solemne
grosa e perpetua
nun meniño crescendo
dentro dun verso.

DA MEMORIA E OUTROS NOMES

Penso que a miña voz se extingue
e devezos cara as sombras coma un serán calquera.
Contemplo unha luz queimada de amenceres
[semellantes
e esquezo todos os camiños de ferro
todas as túas colleitas de murmurios,
soños e inútiles acenos.
A miña voz esváese,
e son un recordo do meu nome
planando coma unha raiola dende o leste dos
[amantes.